

# Laura Montoya, unha gran misioneira

Laura Montoya naceu en 1874 en Colombia. A súa familia era pobre e o seu pai morreu cando ela tiña dous anos. Por iso viviu unha infancia moi difícil.

De moza tivo que estudar e traballar á vez, e grazas ao seu esforzo converteuse nunha excelente mestra.

Laura sentiu a chamada de Deus e respondeulle facéndolle unha promesa: dedicaría a súa vida a axudar os máis necesitados e a ensinar a mensaxe de Xesús.

Un día descubriu que os indios que vivían na selva eran os que más a necesitaban. Estes indíxenas non sabían ler nin escribir e moitos eran maltratados e mesmo escravizados.

En 1915, Laura, marchou á selva coa súa nai e cunhas compañeras. Sabían que ían vivir en condicións moi duras e que os indios non as aceptarían. Malia todo, Laura propúxolles ás súas compañeras respectar os costumes dos indios e vivir con eles e coma eles, formando unha gran familia.

As misioneiras comprometeronse a tratar os indios con moito amor e respecto, e así o fixeron.

Ensináronles a cultivar a terra e a coidar o gando; a ler e a escribir, e a coñecer a Deus. Os indios aceptáronas e queríanas como se fosen da súa propia tribo.

Pasado o tempo, Laura fundou a primeira congregación de mulleres de América Latina dedicada á evanxelización dos indíxenas: a Congregación das Irmás Misioneiras de María Inmaculada e Santa Catarina de Siena.

Grazas a esta misioneira, moitos indios puideron estudar e obter os títulos de médico, avogado, mestre...

Laura morreu en 1949. O Papa Francisco proclamouna santa en 2013. Hoxe, máis de cincocentas Irmás Lauritas traballan como misioneiras en África, América e Europa.

## Descubro palabras



**Evanxelizar** é ensinar o evanxeo de Xesús e fomentar o desenvolvemento da persoa como ser humano e como fillo de Deus.

As **Irmás Lauritas** son as relixiosas da Congregación das Irmás Misioneiras de María Inmaculada e Santa Catarina de Siena (Misioneiras de María).

## Comento e reflexiono



- 1 Que promesa lle fixo Laura á Deus?
- 2 Que lles propuxo Laura ás súas compañeras?

Que che ensinou esta historia?

Que coñeces sobre o pobo de Israel?